

***Padroado do
Museo do Pobo Galego***

ESTATUTOS

modificados por acordo da
Asemblea Xeral Extraordinaria do Padroado
29 marzo 2003



San Domingos de Bonaval
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

TÍTULO I. DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Art. 1. A Asociación "Padroado do Museo do Pobo Galego", constituída na cidade de Santiago de Compostela, rexerese polas disposicións contidas nos presentes Estatutos e polas Leis, Regulamentos e demais normas legais que lle sexan de aplicación.

Art. 2. Son obxectivos da entidade: investigar, conservar, divulgar, defender e promover a cultura galega en tódolos seus ámbitos; e concretamente crear e desenvolver un museo ó servizo destes obxectivos.

Polo seu carácter exclusivamente científico e de investigación, a Asociación non se adscribe a ningunha ideoloxía determinada, nin poderá servir outros fins que os expresados no parágrafo anterior, sen que iso signifique renuncia á participación que na vida pública lle corresponda como entidade cultural, a través das canles que estableza a lexislación vixente en cada momento.

Art. 3. En cumprimento dos seus obxectivos, a Asociación creará e sosteirá un museo histórico antropolóxico, que se chamará "Museo do Pobo Galego", rexido na forma que se especificará nestes Estatutos e no Regulamento que os desenvolverá.

Ese museo radicará na cidade de Santiago de Compostela, no local que para dito cometido determine a Asociación.

A Asociación poderá crear núcleos museísticos vinculados ó dito museo, así como asesorar e colaborar con outras institucións museísticas, se así se considera oportuno para o cumprimento dos seus obxectivos.

Tamén esta, cando o considere oportuno, e ben directamente por si, pola súa Xunta Rectora ou pola dirección do Museo, organizará traballos de seminario, cursiños, conferencias, sesións de investigación, poderá emitir dictames e informes, editar publicacións de carácter científico relacionadas coas materias obxecto dos seus fins e establecer relacións con centros similares, nacionais ou estranxeiros, someténdose en todas estas actividades ó que, en cada caso, dispoñan as normas legais vixentes.

Art. 4. O domicilio principal da Asociación radicará na cidade de Santiago de Compostela, no antigo convento de San Domingos de Bonaval (Costa de San Domingos, nº 3).

Poderán ser creados locais sociais, dependentes do principal, noutras localidades galegas, mediante acordo da Asemblea Xeral, que terá atribucións para cambiar tanto o domicilio coma os aludidos locais dependentes.

Art. 5. A Asociación desenvolverá as súas actividades en Galicia e noutras áreas nas que, polas súas afinidades coa cultura galega ou outras circunstancias, conveña facelo.

A entidade terá duración indefinida e só se disolverá na forma prevista na Lei e nestes Estatutos, dos que a modificación haberá de ser aprobada en Asemblea Xeral extraordinaria, co quórum previsto no art. 21.

Art. 6. A Asemblea Xeral será órgano competente para interpreta-los preceptos destes Estatutos e cubri-las súas lagoas, sempre someténdose á normativa legal que estea vixente en materia de asociacións.

Os presentes Estatutos serán desenvolvidos e cumpridos mediante os acordos que validamente adopten, dentro das súas respectivas competencias, a Asemblea Xeral e a Xunta Rectora, que se indicarán.

A propia Asemblea Xeral poderá aprobar un Regulamento de Réxime Interno para as actividades específicas e concretas do Museo, demais actividades que se organicen ou aqueles aspectos de funcionamento da Asociación insuficientemente regulados nos presentes Estatutos. En ningún caso dito Regulamento poderá contradici-lo establecido nos presentes Estatutos.

Art. 7. O idioma propio da Asociación é o galego. En consecuencia, tódolos seus documentos oficiais serán redactados en galego, salvo aqueles que impliquen unha relación coa Administración Central do Estado ou con organismos non radicados en Galicia, que serán bilingües. O galego será tamén o idioma usado normalmente nas súas asembleas e xuntas, sen prexuízo da total liberdade daqueles membros que non sexan galego falantes para emprega-lo castelán nas súas comunicacións orais ou escritas, sen que por iso poidan sufrir ningunha discriminación nos seus dereitos como tales membros da Asociación.

TÍTULO II. DOS COMPOÑENTES DA ASOCIACIÓN, DOS ÓRGANOS DIRECTIVOS E RECTORES E DA FORMA DE ADMINISTRACIÓN

CAPÍTULO I. DOS MEMBROS DA ASOCIACIÓN

Art. 8. A Asociación constará de tres clases de membros:

a) Patróns numerarios

Serano inicialmente as persoas individuais convocadas para a constitución e fundación desta entidade e que expresamente o acepten; e, no sucesivo, aquelas que sexan nomeadas como tales pola Asemblea Xeral, segundo o establecido nos presentes Estatutos.

A condición de membro numerario é vitalicia, a non ser que a Asemblea Xeral acorde a súa expulsión por causa que se entenda bastante para iso, de acordo co que establece o art. 12.

Os membros numerarios han ser galegos ou residir en Galicia e, ós efectos asociativos, denominaranse "patróns".

O número de membros numerarios non poderá exceder de sesenta, nin ser inferior a corenta.

b) Patróns institucionais

Serano aquelas institucións que entren a formar parte da Asociación por decisión da Asemblea Xeral. Estarán representadas perante o Padroado pola persoa que a institución designe, da que o nomeamento, cese ou substitución deberá ser comunicado ó Padroado. Tal representante deberá necesariamente estar domiciliado en Galicia.

O número de membros institucionais non poderá exceder de trinta. En calquera caso deberán desenvolver-las súas actividades en Galicia.

A condición de membro institucional é indefinida, en tanto exista a institución, a non ser que a Asemblea Xeral acorde a súa expulsión por causa que se entenda bastante para iso, de acordo co que establece o art. 12.

c) Representantes dos socios do Museo

Serán membros a título representativo os dez representantes elixidos pola Asemblea de Socios mentres dure o seu mandato.

Art. 9. Os futuros membros numerarios ou institucionais serán nomeados pola Asemblea Xeral. Para iso será preciso que cando menos tres patróns subscriban a súa candidatura, que se enviará por escrito á secretaría do Padroado e haberá de figurar na orde do día da convocatoria correspondente á sesión da Asemblea Xeral na que se decida, con mención expresa do nome e méritos dos candidatos, así como dos patróns que os propoñen.

A admisión como patrón numerario ou institucional decidírase por maioría de dous tercios dos presentes. A secretaría do Padroado comunicará por escrito o nomeamento ás persoas interesadas, e estas haberán de aceptalo, tamén por escrito, deixando constancia do seu coñecemento e aceptación dos Estatutos e Regulamentos da Asociación.

A Xunta Rectora levará un libro de rexistro coa relación dos membros da Asociación, as súas altas e baixas, e demais incidencias que se consideren de interese.

Art. 10. Tódolos membros da Asociación terán o dereito e o deber de participar nas actividades que a entidade organice e de formar parte das comisións de estudo ou de traballo para as que sexan designados.

Art. 11. Os membros da Asociación terán, ademais, os seguintes dereitos:

- a) Exercita-lo de voz o voto nas Asembleas Xerais.
- b) Recibi-la adecuada información sobre o estado de contas de ingresos e gastos nas datas estatutariamente establecidas, así como inspecciona-los libros de contabilidade cando o consideren conveniente.
- c) Ser elector e elixible para os cargos directivos da Asociación, na forma que determinen estes Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno.
- d) Recibir información dos acordos adoptados polos órganos directivos da Asociación, e discutir e vota-la Memoria de Xestión nas datas estatutariamente establecidas.
- e) Impugna-los acordos e actuacións da Asociación contrarios ós Estatutos e demais normativa vixente, podendo exercer este dereito dentro do prazo de corenta días desde que foron adoptados e verificándose na forma prevista na Lei de Procesamento Civil.

Art. 12. Os membros da Asociación non poderán ser separados dela salvo que conorra algunha das situacións previstas como causa de baixa e logo do procedemento establecido neste artigo.

Serán causas de baixa como membro da Asociación:

- a) a solicitude de baixa da persoa interesada
- b) o incumprimento reiterado das súas obrigas económicas coa Asociación
- c) as actuacións contrarias ós principios que inspiran e rexen a Asociación contidos nos presentes Estatutos e que a prexudiquen manifestamente.

A baixa dun membro na Asociación é competencia da Asemblea Xeral, que decidirá segundo o caso de acordo co establecido no presente artigo.

As baixas a petición propia serán comunicadas por escrito pola persoa ou institución interesada á Xunta Rectora, que informará das mesmas na primeira Asemblea Xeral do Padroado.

As baixas por incumprimento reiterado das obrigas económicas co Museo serán aprobadas pola Asemblea Xeral logo de proposta motivada da Xunta Rectora, que deberá previamente dar audiencia á parte interesada, e previa inclusión expresa do asunto na orde do día.

As baixas por actuacións contrarias ós principios que inspiran e rexen a Asociación contidos nos presentes Estatutos e que a prexudiquen manifestamente, só poderán acordarse na Asemblea Xeral logo da instrucción do correspondente expediente.

A iniciación do expediente realizarase por acordo da asemblea logo de petición nese sentido asinada por cinco membros numerarios que exprese a que se entenda como causa, ou de proposta motivada da Xunta Rectora. A petición será enviada por escrito á secretaría do Padroado. A toma en consideración da iniciación do expediente haberá de figurar na orde do día da convocatoria correspondente á sesión da Asemblea Xeral na que se considere, con

mención expresa das causas aducidas.

Instruirase expediente por orde da Asemblea Xeral, que nomeará instructor e secretario das actuacións entre os patróns numerarios non asinantes da petición, nin dos membros da Xunta Rectora. Nas actuacións será oída a parte interesada, que poderá formular descargos e propor probas.

O expediente será resolto pola Asemblea Xeral, nun prazo non superior a seis meses, sen que caiba recurso ningún contra a súa decisión.

Art. 13. O Padroado poderá nomear patróns eméritos ás persoas físicas ou xurídicas que estime oportuno.

Os así designados non formarán parte da Asemblea Xeral nin terán a condición de membros da Asociación.

CAPÍTULO II. DA PRESIDENCIA DO PADROADO

Art. 14. O Presidente do Padroado será designado pola Asemblea Xeral e asume a representación legal da entidade. A duración do seu mandato será de catro anos e poderá ser reelixido.

A presidencia estará asistida por catro vicepresidencias, nomeadas de idéntica maneira e coa mesma duración, que se denominarán Vicepresidente 1º, Vicepresidente 2º, Vicepresidente 3º e Vicepresidente 4º.

Os Vicepresidentes, seguindo a orde sucesiva da súa numeración, substituirán ó Presidente en casos de incapacidade, ausencia, enfermidade ou vacante.

As normas de detalle para a elección destes e dos demais cargos rectores regularanse, xunto con calquera aspecto non contemplado nos presentes Estatutos, no Regulamento de Réxime Interno.

Os nomeamentos de Presidente e Vicepresidente 1º haberán recaer en patróns numerarios que contén, cando menos, con cinco anos de antigüidade como tales. En tanto isto sexa imposible, poderán ser designados de entre os numerarios máis antigos.

Art. 15. A presidencia honoraria do Padroado corresponderá á Presidencia da Xunta de Galicia.

Art. 16. Corresponderán á presidencia cantas facultades non estean expresamente reservadas á Xunta Rectora ou á Asemblea Xeral, e especialmente as seguintes:

- a) Abrir, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral ou a Asemblea de Socios, e dirixir as súas deliberacións, decidindo en caso de empate con voto de calidade.
- b) Ostentar a representación legal do Padroado.
- c) Velar polo cumprimento dos acordos da Asemblea Xeral e polo desenvolvemento das actividades que se programen.

CAPÍTULO III. DA ASEMBLEA XERAL

Art. 17. A Asemblea Xeral é o órgano decisorio supremo do Padroado do Museo do Pobo Galego. Os seus acordos son vinculantes para tódolos demais órganos e ten a facultade de elixir tódolos cargos directivos e revocalos, inclusive antes da terminación do seu mandato normal, mediante o procedemento de voto de censura regulado no Regulamento de Réxime

Interno.

Está integrada por tódolos membros numerarios e institucionais, máis dez representantes dos socios do Museo, elixidos pola Asemblea de Socios.

A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario dúas veces ó ano, unha na segunda quincena do mes de maio e outra na primeira quincena do mes de decembro.

A Asemblea Xeral Ordinaria do mes de maio entenderá e aprobará, se procede, a liquidación do orzamento de ingresos e gastos do exercicio correspondente ó ano anterior e elixirá aqueles cargos que estatutariamente teñan que renovarse, ambas cuestións con carácter obrigatorio. Optativamente tratará ademais aqueles temas que a Xunta Rectora ou a presidencia do Padroado introduzan na orde do día.

A Asemblea Xeral Ordinaria do mes de decembro debaterá obrigatoriamente, e aprobará se procede, o plan de actuación e o orzamento de ingresos e gastos do ano seguinte e a Memoria de Xestión que presentará a Xunta Rectora sobre a súa actuación nese ano. Optativamente tratará ademais aqueles temas que a Xunta Rectora ou a presidencia do Padroado introduzan na orde do día.

A Asemblea Xeral reunirse con carácter extraordinario sempre que a convoque a presidencia do Padroado, a Xunta Rectora ou a décima parte dos seus membros.

Art. 18. A Asemblea Xeral reunirse en sesión extraordinaria para coñecer sobre a disposición ou alleamento de bens, modificación dos Estatutos ou disolución da entidade.

Cando a Asemblea Xeral Extraordinaria se convoque a petición da décima parte dos seus membros, a Orde do Día será exclusivamente a que se conteña na solicitude de reunión.

Art. 19. As convocatorias das Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, faranse por escrito, expresando o lugar, a data e a hora da reunión e a orde do día. Achegarase a documentación necesaria para que os debates e decisións teñan lugar co debido coñecemento de causa.

As convocatorias remitiranse, polo menos, quince días naturais antes da data sinalada para a reunión.

Art. 20. As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando estean presentes a maioría dos seus membros; de non se cumprir este requisito, reuniranse en segunda convocatoria.

Art. 21. Os acordos das Asembleas Xerais tomaranse por maioría simple de votos dos presentes, a excepción da disolución da entidade, regulada no art. 46, así como do establecido no art. 9, da modificación dos Estatutos e do alleamento de bens, asuntos para os que se necesitará o voto favorable das dúas terceiras partes dos membros presentes.

Non se admitirán votos delegados nin se poderán adoptar acordos sobre cuestións non incluídas expresamente na orde do día.

Art. 22. Actuará como Secretario da Asemblea Xeral o que o sexa da Xunta Rectora.

CAPÍTULO IV. DA ASEMBLEA DE SOCIOS

Art. 23. O Museo do Pobo Galego poderá contar cun número indefinido de socios. Estes poderán ser de dúas clases: socios numerarios e socios protectores.

A Xunta Rectora levará relación dos socios e a súa secretaría comunicará as altas e baixas dos mesmos tanto á Asemblea Xeral do Padroado como á Asemblea de Socios.

Art. 24. Será socio numerario calquera persoa que reúna os requisitos legais de capacidade e que, previa solicitude por escrito mostrando a súa intención de contribuír ó cumprimento dos fins da Asociación, sexa nomeada como tal pola presidencia da Xunta Rectora.

Entre os socios numerarios hai socios individuais e socios institucionais. Os socios institucionais estarán representados pola persoa designada a tal efecto pola institución.

Sen prexuízo doutros dereitos recoñecidos nestes Estatutos e nos distintos Regulamentos aprobados pola Asociación, os socios numerarios teñen dereito á entrada gratuíta ás instalacións públicas do Museo e a aquelas actividades que determine a Xunta Rectora, á recepción gratuíta dos folletos e publicacións, cando así o determinen os órganos rectores competentes, á formulación de propostas e suxestións sobre a marcha do Museo, e á asistencia á Asemblea de Socios nos termos fixados neste capítulo e no Regulamento de Réxime Interno da Asociación. Teñen como obrigas o pago das cotas establecidas pola Asemblea Xeral do Padroado, e a colaboración no mantemento e promoción do Museo do Pobo Galego. Os socios institucionais terán ademais os dereitos específicos recollidos nos regulamentos da asociación.

Art. 25. Será socio protector aquela persoa, entidade ou institución que polo seu especial apoio ó funcionamento do Museo sexa merecedora de tal consideración. Serán nomeados, no seu caso, pola Asemblea Xeral a proposta de cinco patróns numerarios, da Asemblea de Socios ou da Xunta Rectora, quen enviarán a proposta motivada coa antelación suficiente para a súa inclusión na correspondente orde do día.

Ademais dos dereitos e deberes propios dos socios ordinarios, deberán prestar un especial apoio económico, funcional ou material ó Museo. Terán ademais dereito á utilización das instalacións do Museo para actividades propias nas condicións que se estipulen nos distintos regulamentos elaborados pola asociación.

Art. 26. A Asemblea de Socios estará integrada por tódolos socios do Museo do Pobo Galego que non estean privados dos seus dereitos como tales.

Serán competencias da Asemblea de Socios:

- a) Presentar á Xunta Rectora, á presidencia do Padroado, ou á Asemblea Xeral, todas aquelas peticións, suxestións ou reclamacións que estime convenientes para a boa marcha do Museo.
- b) Recibir información adecuada sobre os programas de actuación do Museo e a súa execución.
- c) Elixir e revoca-los seus representantes na Asemblea Xeral.
- d) Elixir e revoca-los seus vocais na Xunta Rectora.
- e) Entender e decidir nas propostas de expulsión de socios presentadas por outros socios ou pola Xunta Rectora.

Art. 27. Actuará como presidente da Asemblea de Socios o Presidente do Padroado, no seu defecto calquera dos Vicepresidentes do mesmo, e no seu defecto o Presidente da Xunta Rectora.

Con carácter ordinario celebrarase unha Asemblea de Socios unha vez ó ano, na primeira quincena do mes de maio, na que, xunto cos asuntos que a Xunta Rectora ou a presidencia do Padroado decidan incluír na orde do día, tratarase obrigatoriamente dos informes da Xunta Rectora e da dirección do Museo, e da renovación dos representantes na Asemblea Xeral e dos vocais na Xunta Rectora que estatutariamente corresponda renovar.

A Asemblea de Socios reunirse con carácter extraordinario cando a convoque a presidencia do Padroado, a Xunta Rectora ou a vixésima parte dos seus membros en escrito dirixido á Xunta Rectora e asinado por todos eles. Neste último caso a orde do día deberá incluí-los puntos recollidos no escrito dos solicitantes.

As convocatorias da Asemblea de Socios rexeranse polo establecido nos artigos 18 e 19 dos presentes Estatutos para a Asemblea Xeral.

Os acordos tomaranse por maioría simple dos presentes, se ben a elección dos representantes se rexerá polo disposto no artigo seguinte. Non se admitirán votos delegados.

Art. 28. A Asemblea de Socios elixirá dez representantes que serán membros da Asemblea Xeral do Padroado mentres dure o seu mandato. Para ser elixido representante dos socios, ademais dos requisitos legais de capacidade, cómpre ter polo menos unha antigüidade de un ano como socio do Museo, non ser patrón nin representante institucional e estar ó corrente do pago das cotas.

O mandato dos representantes será de catro anos, renovándose por metades cada dous anos.

A Asemblea de Socios poderá retirar a súa confianza a todos ou parte dos seus representantes antes de finaliza-lo seu mandato. Os procedementos de revogación serán regulados polo Regulamento de Réxime Interno.

Corresponde á Asemblea de Socios designar, de entre os seus representantes, os vocais dos socios na Xunta Rectora. Estes vocais, en número de dous, terán un mandato de catro anos e serán elixidos por metades cada dous anos. O seu mandato coincidirá co que teñen como representantes na Asemblea Xeral.

Os representantes na Asemblea Xeral e os vocais na Xunta Rectora poderán ser reelixidos.

A normativa electoral será regulada no Regulamento de Réxime Interno.

Art. 29. Os socios do Museo do Pobo Galego cesarán en tal condición:

- a) Por solicitude de baixa da persoa interesada, formulada por escrito perante a Xunta Rectora.
- b) Por incumprimento reiterado das súas obrigas económicas coa Asociación, previo requirimento á persoa interesada pola secretaría da Xunta Rectora.
- c) Por actuacións contrarias ós principios que inspiran e rexen a Asociación contidos nos presentes Estatutos e que a prexudiquen manifestamente.

Nos dous primeiros supostos, a secretaría procederá a dar de baixa ó socio, e comunicará tal situación á Asemblea de Socios e á Asemblea Xeral do Padroado. As baixas polo terceiro suposto só poderán acordarse logo da instrucción do correspondente expediente. O expediente iniciarase a proposta da Xunta Rectora, ou de cinco socios ou patróns, e será instruído por un patrón e un socio que actuará como secretario, nomeados por sorteo entre os patróns numerarios e os representantes dos socios na Asemblea Xeral do Padroado non asinantes da petición. O expediente será elaborado previa audiencia da parte interesada e resolto na seguinte Asemblea dos Socios. Contra a súa resolución cabe recurso perante a Asemblea Xeral do Padroado.

CAPÍTULO V. DA XUNTA RECTORA

Art. 30. A Xunta Rectora está integrada por un Presidente, un Secretario, un Tesoureiro e sete Vocais, designados estes como Primeiro a Sétimo.

Todos estes cargos, menos os de Vocais Sexto e Sétimo, haberán recaer en patróns que teñan como mínimo un ano de antigüidade como tales, a excepción do Presidente, para o que

se requiren dous anos de antigüidade.

Todos estes prazos non se terán en conta para cubri-los cargos na primeira Xunta que se nomee.

Os postos de Vocais Segundo e Terceiro serán ocupados necesariamente por membros institucionais.

Os postos de Vocais Sexto e Sétimo serán ocupados necesariamente polos socios elixidos para tal fin pola Asemblea de Socios.

Art. 31. Os cargos da Xunta Rectora elixiranse pola Asemblea Xeral, terán un período de duración de catro anos e poderán ser reelixidos.

Os cargos da Xunta Rectora renovaranse en dúas quendas. Na primeira quenda serano o Secretario e os Vocais Primeiro, Terceiro, Quinto e Sétimo; na segunda quenda o Presidente, o Tesoureiro e os Vocais Segundo, Cuarto e Sexto.

O primeiro mandato dos cargos da segunda quenda durará a metade do período total.

Se durante a vixencia normal deses mandatos quedase vacante o cargo de Presidente, celebrárase Asemblea Xeral Extraordinaria dentro do termo de dous meses desde que aconteza a vacante para elixir novo presidente. Entre tanto exercerá a presidencia en funcións o Vocal Primeiro ou, no seu defecto, os Vocais Cuarto e Quinto por esta orde. De quedar vacantes cargos de Secretario ou Tesoureiro exercerá as súas funcións o vocal que decida a Xunta Rectora ata a celebración da seguinte Asemblea Xeral Ordinaria, na que se elixirá substituto e só polo prazo que falte para cumpri-lo tempo de duración do correspondente mandato.

Art. 32. É función da Xunta Rectora aproba-lo programa de actuación do Museo, dirixi-las actividades sociais, organizar e dirixi-la xestión administrativa e económica, someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento de ingresos e gastos, o estado de contas do ano anterior, e todas aquelas necesarias para o normal funcionamento da Asociación que lle encargue ou delegue expresamente a Asemblea Xeral.

Correspóndelle tamén á Xunta Rectora propor á Asemblea Xeral os nomeamentos de Director, Subdirector e Secretario do Museo, a creación neste de seccións e a de quen deba desempeña-la xefatura destas.

Art. 33. A Xunta Rectora celebrará as súas sesións cantas veces o determine a presidencia ou quen faga as súas veces, quer a iniciativa propia, quer a petición de calquera dos compoñentes de aquela. En calquera caso, reunirse polo menos unha vez ó mes.

As sesións serán presididas polo Presidente e, en ausencia ou falta del, polo Vocal Primeiro. A falta deste, polo Vocal presente de máis idade.

Para que os acordos da Xunta Rectora sexan válidos deberán ser adoptados por maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia de cinco dos seus membros.

En caso de empate nas votacións, decidirá o voto de calidade de quen faga de Presidente.

De tódalas sesións levantará acta a secretaría ou, no seu defecto, o Vocal presente de menos idade.

Para as actas levarase o libro correspondente.

Art. 34. Cada un dos compoñentes da Xunta Rectora terá os dereitos e deberes inherentes ó seu cargo, así coma os que nazan das delegacións que lles confira a propia Xunta ou que a presidencia da Asociación lles encomende.

Art. 35. Incumbirá á presidencia a execución dos acordos adoptados pola Xunta Rectora, ben directamente, ben delegándoa nalgúns dos seus membros; supervisa-os labores da secretaría, da tesourería e de todo o persoal ó servizo do Museo e do Padroado; asina-os contratos do persoal e calquera outra responsabilidade que lle encomende a Asemblea Xeral do Padroado ou a súa presidencia.

Art. 36. Incumbirá á secretaría, de maneira específica, recibir e tramita-las propostas de ingreso de novos membros, leva-lo ficheiro e o libro de rexistro destes e dos socios do Museo, rexistra-las actividades realizadas, elaborar e custodia-las actas dos órganos de goberno e representación, custodia-os libros oficiais da Asociación e executar aqueles acordos ou traballos que lle encomende a presidencia do Padroado ou o da Xunta Rectora.

Tamén velará polo cumprimento das disposicións legais vixentes, custodiando a documentación oficial da entidade e facendo que se cursen as comunicacións preceptivas ás diferentes instancias administrativas.

Art. 37. A tesourería dirixirá a contabilidade, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos sociais, intervindo tódalas operacións de orde económica.

Recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida a presidencia da Xunta Rectora.

A tesourería formalizará o orzamento anual de ingresos e gastos, previamente debatido e aprobado nas súas liñas básicas pola Xunta Rectora, así como a liquidación dos orzamentos do ano anterior, que a Xunta someterá á aprobación da Asemblea Xeral.

Art. 38. Corresponde á Xunta Rectora a redacción do Regulamento de Réxime Interno que regule o funcionamento do Museo, fixe os cometidos da dirección, a subdirección, a secretaría e as xefaturas de sección do mesmo, así como calquera outro aspecto da vida da Asociación non contemplado suficientemente nestes Estatutos. Este Regulamento poderá ser modificado en calquera momento. As reformas realizadas deberán ser notificadas na seguinte Asemblea Xeral para que esta proceda á súa ratificación ou modificación.

Art. 39. A Asemblea Xeral na súa reunión de decembro, cando corresponda, nomeará un mínimo de dous e un máximo de cinco Censores de Contas entre os patróns numerarios que non formen parte da Xunta Rectora. O seu nomeamento será por un período de dous anos.

Será función dos censores de contas a revisión e informe da liquidación do orzamento e da contabilidade do Museo. Nesta tarefa poderán solicitar da Xunta Rectora toda canta información precisen sobre o asunto, información que lles será facilitada pola tesourería, que está obrigada a prestárille-la máxima colaboración.

CAPÍTULO VI. DOS ÓRGANOS DE DIRECCIÓN DO MUSEO

Art. 40. O Museo será dirixido por un Director nomeado polo Padroado. Cando este o coide conveniente, por necesidades de funcionamento do Museo, poderá nomear tamén un Subdirector. Para ocupar estes cargos non será preciso ostenta-la condición previa de membro da Asociación.

A duración nos cargos, así como as condicións do exercicio dos mesmos, quedarán fixadas no Regulamento de Réxime Interno.

Art. 41. A secretaría do Museo será nomeada tamén pola Asemblea Xeral.

A duración no cargo, así como as condicións do exercicio do mesmo, quedarán fixadas no

Regulamento de Réxime Interno.

Art. 42. A proposta da dirección do Museo, tramitada a través da Xunta Rectora e sempre que esta a faga súa, a Asemblea Xeral poderá crea-las Seccións do Museo e nomea-los Xefes de Sección que estime conveniente, coa duración no cargo e as condicións que fixe a propia Asemblea Xeral.

TÍTULO III. DO RÉXIME ECONÓMICO

Art. 43. A Asociación carece de patrimonio ó constituírse.

Art. 44. Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos cometidos sociais son os seguintes:

- a) As cotas periódicas que entreguen os seus membros, os socios do Museo ou outras persoas individuais, entidades, asociacións, corporacións ou sociedades, tanto sexan públicas como privadas, sen que en ningún caso ditas contribucións impliquen ningunha dependencia que non sexa a de estricto carácter derivado administrativo ou contractual.
- b) Os produtos dos bens e dereitos que correspondan por calquera título á Asociación.
- c) As subvencións, legados e doazóns que poida recibir.
- d) Os ingresos que se obteñan mediante as actividades lícitas que, dentro dos fins estatutarios, acorde realiza-la entidade.
- e) Calquera outro recurso que, como tal, sexa no seu día aprobado ou aceptado pola Asemblea Xeral.

Art. 45. Destinaranse á realización dos fins sociais non menos do 70 por cento das rendas e ingresos percibidos pola explotación económica que desenvolva a Asociación, dos derivados da transmisión de bens ou dereitos da súa titularidade, salvo no caso de transmisión onerosa de bens inmobles nos que radique a súa actividade propia, sempre que se reinvestan en bens e dereitos nos que conorra tal circunstancia, e de calquera outro ingreso percibido, unha vez deducidos os gastos necesarios para a súa obtención e sempre que non foran contribucións ou doazóns recibidas en concepto de dotación patrimonial.

A administración dos fondos da Asociación levarase a cabo sometida a publicidade suficiente para que os seus membros poidan ter coñecemento do destino deses fondos, sen prexuízo, ademais, do dereito a este respecto consignado no art. 11.

TÍTULO IV. DA DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Art. 46. A Asociación disolverase por vontade dos seus membros, polas causas previstas no Código Civil ou por sentenza xudicial.

No primeiro dos anteriores supostos será necesario acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria, adoptado por maioría absoluta dos seus membros.

Art. 47. En caso de disolverse a Asociación, a Asemblea Xeral nomeará unha comisión composta por cinco membros numerarios ou patróns, quen, dentro das normas aplicables á disolución da sociedade, procederán a cumprir co que a continuación se expresa:

- a) Devolver ós seus respectivos lexítimos propietarios os obxectos de calquera clase que

tiveran depositado no Museo.

b) Entrega-los demais obxectos ós Museos galegos legalmente constituídos que teñan o carácter de entidades sen fin lucrativo, de forma que tales obxectos vaian destinados a centros da zona de onde procedese cada un deles.

c) Entrega-la documentación, libros, ficheiros e datos científicos de calquera tipo á Real Academia Galega ou entidade que a substitúa. No seu defecto, á Universidade de Santiago de Compostela. No seu defecto, á Universidade da Coruña. No seu defecto, á Universidade de Vigo. E en defecto de tódalas anteditas, ás entidades que recolleran os fondos das anteriores, seguindo a orde de preferencia que se infire da tamén orde aquí escrita.

d) Se houbese numerario, será repartido en partes iguais entre entidades benéficas galegas legalmente constituídas e que teñan o carácter de entidades sen fin lucrativo, que serán designadas pola comisión liquidadora, adoptando o acordo por maioría.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Primeira. Réxime electoral transitorio para as eleccións de representantes dos socios.

Na Asemblea de Socios celebrada con posterioridade á aprobación da reforma destes Estatutos e antes da súa entrada en vigor, os representantes dos socios serán elixidos conforme ó proceso vixente.

De quedar vacante algún posto pola quenda de elección provincial, a Asemblea de Socios poderá proceder á designación no mesmo proceso electoral dun número igual de socios sen cumprir este requisito de territorialidade. Á entrada en vigor dos presentes Estatutos, a Xunta Rectora, por delegación da Asemblea, comunicarlle-lo seu nomeamento provisional como representantes dos socios polo prazo que lles corresponda desde a Asemblea na que foron nomeados, adquirindo carácter definitivo desde a súa toma de posesión na seguinte Asemblea do Padroado que se celebre. De ter lugar tal Asemblea antes da entrada en vigor dos novos Estatutos, esta poderá acepta-la súa participación na mesma como invitados, con voz pero sen voto.

Segunda. Adecuación do calendario do proceso electoral.

Os socios que exerzan o cargo de representantes no Padroado e na Xunta Rectora do Museo do Pobo Galego unha vez entre en vigor a reforma dos Estatutos, verán ampliado o seu mandato conforme ó seguinte procedemento:

a) Os representantes que de acordo co proceso electoral antes vixente tiveran que ser renovados na Asemblea de Socios do ano 2004, ampliarán o seu mandato por outro ano máis, procedendo a renovarse os seus cargos na Asemblea do ano 2005, conforme ó proceso electoral destes Estatutos.

b) Os representantes que de acordo co proceso electoral antes vixente tiveran que ser renovados na Asemblea de Socios do ano 2005 ampliarán o seu mandato por dous anos máis, procedendo a renovarse os seus cargos na Asemblea do ano 2007, conforme o proceso electoral destes Estatutos.

DISPOSICIÓN FINAL

A reforma dos presentes Estatutos entrará en vigor a partir da súa inscrición no Rexistro de Asociacións correspondente.